



Nota de prensa

EROSKI COMEZA CON BUREAU VERITAS A CERTIFICACIÓN *CLEAN SITE* DAS SÚAS TENDAS

- **O certificado avala a axeitada implantación dos protocolos de limpeza e desinfección das instalacións e das medidas de seguridade pertinentes**

Elorrio, 27 de maio do 2020.- [EROSKI](#) comezou o proceso de [certificación *Clean Site*](#) das súas tendas con [BUREAU VERITAS](#). Trátase dunha certificación que forma parte da iniciativa lanzada a nivel global "[Restart Your Business with Bureau Veritas](#)", para asegurar que as empresas implementaron correctamente os protocolos de limpeza e desinfección nos seus establecementos e para intensificar a seguridade do seu persoal interno e clientes fronte á COVID-19.

*"Dende o primeiro momento en EROSKI revisamos e reforzamos os procesos do sistema de limpeza das nosas instalacións, extremando a desinfección nos puntos críticos das tendas e facilitándolles luvas e xeles desinfectantes ao persoal interno e mais aos clientes. Tamén implantamos medidas de prevención adicionais, como o uso de pantallas de protección nas caixas de cobro, a entrega de máscaras e pantallas faciais ou a implantación dun protocolo de control do número de persoas das nosas tendas para manter a distancia mínima de seguridade fixada polas autoridades sanitarias co fin de preservar a seguridade. A certificación *Clean Site* supón de seu unha nova acción preventiva, xa que certifica que os protocolos e a súa aplicación se están a facer dun modo correcto para asegurar, na medida do posible, as mellores condicións para quen traballa nos nosos establecementos e mais para os nosos clientes; é a nosa prioridade",* explicou o director de Saúde e Sustentabilidade de EROSKI, Alejandro Martínez Berriochoa.

*"A certificación *Clean Site* outórgaselles aos establecementos que cumbran cos requisitos establecidos, asegurando o seguimento dos protocolos de limpeza e desinfección. Por iso, en caso de superar de modo satisfactorio a auditoría, EROSKI continuará a desenvolver a súa actividade cotiá nas mellores condicións cumprindo cos protocolos establecidos",* afirma a Directora de Certificación de Bureau Veritas España e Portugal, Mónica Botas.

Sobre Bureau Veritas

Bureau Veritas é líder mundial en probas de inspección, certificación e ensaios. O Grupo, creado en 1828, conta con preto de 78.000 empregados e cunha rede internacional de máis de 1.500 oficinas e laboratorios. Bureau Veritas axuda os seus clientes para mellorar o seu desempeño a través de servizos e solucións innovadoras, coa misión de garantir que os seus activos, produtos, infraestruturas e procesos cumbran cos estándares e regulacións de calidade, saúde e seguridade, protección ambiental e responsabilidade social. Bureau Veritas cotiza na bolsa Euronext París e pertence ao índice CAC Next 20.



Sobre EROSKI

EROSKI é o primeiro grupo de distribución de carácter cooperativo de España e operador de referencia nas rexións de Galicia, País Vasco, Navarra, Cataluña e Baleares. A súa rede comercial ascende a 1.645 establecementos, entre supermercados, hipermercados e cash & carry, amais de gasolineras, ópticas, oficinas de viaxes, tendas de equipamento deportivo e servizo online. Conta con máis de 6 millóns de Socios Clientes e con máis de 32.000 socios cooperativistas e traballadores.

Información:

<p>Bureau Veritas - Comunicación 91 270 97 92 comunicacion.swe@bureauveritas.com www.bureauveritas.com</p> <p>    </p>	<p>EROSKI Comunicación Corporativa Tel: 946 211 214 comunicación@eroski.es Sala de prensa online OFICINA DE PRENSA – CONSEJEROS DEL NORTE JOANA G. LANDAZABAL / EDURNE IZQUIERDO Tel: 944 158 642</p>
--	--